



CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviñao 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

BASES DO II CONCURSO DE DEBUXO DO DÍA DA MULLER 2019

O Concello de O Saviñao convoca o 'CONCURSO DE DEBUXO DO DÍA DA MULLER 2019' con arranxo ás seguintes:

BASES DO CONCURSO

1. Poderán participar tódolos nenos e nenas do concello do Saviñao dos cursos de infantil, primaria e secundaria.
2. A forma de participar será individual e cada neno/a poderá entregar un só deseño.
3. O tema do debuxo será '**MULLERES NO RURAL**' con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo. Os debuxos deben estar relacionados con tema.
4. A técnica é libre, podendo utilizar pinturas, témperas, ceras, etc.
5. O tamaño das obras será en DIN-A4 (folio), sendo o formato vertical ou horizontal; o material de soporte pode ser papel ou cartolina.
6. Os traballos poderán entregarse ata o día **4 de Marzo ás 14:00 h.** no rexistro do Concello co **nome do concurso, o curso do alumno ou alumna** e os **datos da ficha de inscrición** adxunta a estas bases, na parte traseira do debuxo ou nun folio aparte. Tamén se poderá facer entrega na secretaría do colexio de Currelos e na secretaría do colexio de Escairón.
1. Para todos os debuxos valorarase a orixinalidade do deseño, a laboriosidade, a creatividade, factores estéticos, así como a relación do debuxo co tema proposto e o sentimento que transmita. Tamén calquera outro motivo que poda considerar o xurado.
7. A votación levarase a cabo o día 7 de marzo. Unha vez fallado o concurso comunicarase o resultado ós galardoados.
8. Tódolos traballos presentados expóranse ó público na casa do Concello de O Saviñao dende o día 8 de marzo ata o día 31 de marzo.
9. Tódolos debuxos poderán ser retirados a partir do 15 de abril de 2019.
10. **Premios e categorías:**
Establécense as seguintes categorías e premios:
 - Categoría Infantil (4º, 5º e 6º Infantil):
Vale de 50 € en librería Loela Escairón (válido ata o 31/12/2019) + **Diploma acreditativo.**
 - Categoría Primaria A (1º, 2º e 3º Primaria):



CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviñao 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

Vale de 50 € en librería Loela Escairón (válido ata o 31/12/2019) + Diploma acreditativo.

- Categoría Primaria B (4º, 5º e 6º Primaria):

Vale de 50 € en librería Loela Escairón (válido ata o 31/12/2019) + Diploma acreditativo.

- Categoría Secundaria (1º, 2º, 3º e 4º ESO):

Vale de 50 € en librería Loela Escairón (válido ata o 31/12/2019) + Diploma acreditativo.

11. En caso de que o xurado considere que os traballos non teñen un mínimo de calidade, poderá declarar deserto o concurso.
12. A entrega de premios notificarase con antelación ós gañadores/as.
13. O xurado estará composto por membros do Concello de O Saviñao.
14. O fallo do xurado será inapelable.
15. O concello resérvase tódolos dereitos sobre os debuxos, incluído o de reprodución e publicación en redes sociais, medios de comunicación ...
16. Tódalas cuestións non previstas nestas bases serán resoltas pola sección de Cultura e Servizos Sociais do Concello de O Saviñao.
17. Todo traballo que non cumpra co disposto nestas bases quedará excluído do concurso.
18. A presentación a este Concurso implica necesariamente a aceptación de tódolos puntos das presentes Bases.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE